

UN TOQUE DE VIOLENCIA

FS#37 (31/1/17)

Título orixinal Tian zhu ding **Dirección e guión** Jia Zhang-ke **Ano** 2013 **Duración** 133 min. **Fotografía** Yuk Lik-wai **Montaxe** Xudong Lin e Mathieu Laclau **Intérpretes** Jiang Wu, Meng Li, Lanshan Luo, Baoqiang Wang, Jiayi Zhang **Música** Giong Lim **Producción** Xstream Pictures **Distribuidora** Golem Distribución

FEBREIRO 2017

Martes 7 O mundo segue | El mundo sigue
Fernando Fernán Gómez, España, 1965, 115 min.

Martes 14 Stroszek | Stroszek
Werner Herzog, Alemaña, 1977, 108 min.

Martes 21 Os canallas | Les Salauds
Claire Denis, Francia, 2013, 100 min.

**Todas as sesións en VOSE, ás 20:30 h no Teatro Principal de Pontevedra*

O Cineclub Pontevedra é unha asociación sen ánimo de lucro cuxo funcionamento e financiamento depende fundamentalmente das achegas económicas que realizan periodicamente as súas socias e socios, cara a quen están dirixidas as nosas actividades.

As persoas socias poden escoller entre tres tipos de cotas:

Anual (60 euros);

Trimestral (18 euros);

Prorrogada en cada sesión (2 euros).

Tanto a cota anual coma a trimestral poderase pagar en efectivo en calquera das nosas sesións, ou ben mediante domiciliación bancaria ou ingreso na nosa conta de Bankia: ES10-2038-4003-8260-0005-9732.

A cota prorrogada farase efectiva en cada sesión á que asistas e o seu aboamento darache dereito, coma no caso das cotas anuais e trimestrais, a que, en calidade de socia, utilices os materiais do cineclub e teñas voz e voto nas asembleas xerais.

No enderezo web <http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es/p/faite-socio.html> poderás atopar un formulario para facer os trámites sen saír da casa.

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>

<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>



UN TOQUE DE VIOLENCIA

Jia Zhang-Ke, 2013, China

133 min., VOSE



RETRATO DO CARTÓGRAFO DO CAMBIO

De onde xorden as diferentes historias que se narran neste filme? As catro están inspiradas en mensaxes que atopei en Weibo, a versión chinesa de Twitter. Desde hai uns anos, todo o que se di nesta rede social convértese en noticia. Ao saíren estas historias á luz, causaron un gran balbordo. Inspiroume particularmente o detalle da terceira historia, na que o cliente intenta violar a recepcionista e bátelle cun mazo de billetes. Toda China quedou en shock ao coñecer este incidente e eu comecei a sentir unha atmosfera de violencia a instalarse na nosa sociedade. Pensei que tiña que encarar este tema ata chegar a comprendelo. As catro historias están unidas polo tema da violencia, aínda que cada unha o afronta desde unha perspectiva diferente. A primeira trata sobre a violencia social, sobre como a corrupción, a fenda entre ricos e pobres e a inxustiza entre clases poden levar un individuo ata o abismo. A segunda fala sobre a soidade, que tamén pode ser unha forma de violencia polo tipo de organización que ten no meu país; a China rural caeu no esquecemento e esa é, dalgún xeito, unha agresión a millóns de persoas que sostiveron a nosa nación durante a meirande parte da súa historia. O terceiro relato aborda a cuestión de como a violencia pode destruír a dignidade dunha persoa; para recuperala, esa persoa empregará tamén, moi probablemente, a destrución. O último dos segmentos fala sobre a violencia contra un mesmo; o personaxe está oprimido por moitos factores, incluída a familia, o ruído da fábrica... Escollín estas catro historias non só porque reflicten diferentes aspectos da violencia, senón porque se sitúan en diferentes partes de China. Tiña así a oportunidade de retratar o presente do meu país. Debemos comprender que a nosa sociedade é moi complexa, sobre todo tendo en conta os cambios experimentados nos últimos anos. Por desgraza, desde Occidente adóitase simplificar a nosa realidade, plásmase mediante brancos e negros, e ese é o malentendido máis importante.

Trataríase, polo tanto, de deseñar un mapa deses cambios, atendendo ás diferentes rexións de China. Exacto. Desde que pensei facer un filme composto por catro segmentos, tiven en conta que a escolla de espazos era crucial. A primeira historia sitúase en Shanxi, unha provincia mineira, unha área moi salvaxe e desértica. A seguinte sitúase en Chongqing, ao noroeste do país, rodeada por un río con tres gargantas. A terceira, en Hubei, na China central, que destaca polas súas montañas e acantilados, paisaxes que aparecen a miúdo en filmes de artes marciais. O cuarto episodio rodouse en Guangdong, no sur, unha zona moi organizada e moderna onde existen moitas fábricas. Polo tanto, dalgún xeito, *Un toque de violencia* é unha viaxe. No cine *wuxia*, os personaxes sempre teñen que desprazarse a distintos lugares. Quería que o meu filme tivese o mesmo carácter, só que aquí o movemento xéranos as diferentes historias.

Podería afondar na influencia que o xénero *wuxia*, concretamente *A Touch of Zen* (King Hu, 1969), exerceu sobre o seu filme? A violencia era un territorio descoñecido para min. Durante os últimos catro anos, apañei grandes cantidades de información sobre estes incidentes. Tiña moitos detalles, mais faltábame atopar un xeito de representalos, unha linguaxe visual que me permitise afrontalos. En realidade, non sabía como amosar

a violencia. De sócato, un día pensei nos filmes tradicionais de artes marciais. Os personaxes do meu filme son moi semellantes aos que aparecían naquelas obras. Malia a súa aparencia de puro entretemento, o cinema de King Hu trata sobre os conflitos sociais e económicos, sobre opresión e inxustiza, sobre como a xente reacciona perante os cambios bruscos.

Neste sentido, podemos entender a escena de apertura coma unha declaración de intencións. O filme comeza cun accidente porque quería mostrar os cambios recentes en China. Todo se move tan rápido que un incidente deste tipo, aparentemente anecdótico, pode rematar nunha crise, no colapso absoluto. Con esta secuencia quería advertir desde o comezo sobre este clima de crise ao que nos achegamos. O camión envorca nunha estrada deserta, había que resaltar o impacto mediante o vermello dos tomates que están espallados sobre o asfalto. Sen dúbida, esta é a cor máis importante do filme.

Coido que é o filme no que se distancia con maior decisión do realismo, sobre todo nas escenas de violencia. Por que este cambio de dirección? Todos os incidentes que vemos no filme sucederon na vida real, pero, ao tempo, o meu desexo era representalos cunha dramatización moi marcada. Coido que o equilibrio das persoas é facilmente quebrantable. O noso día a día pode ser normal, pero ao vérmonos inmersos nunha situación violenta, perdemos o rumbo, transformámonos, porque a violencia non é un estado natural. Por iso escollín actores profesionais para os papeis principais, quería o drama. Coido que a violencia pode ser moi surrealista. Ás veces vexo novas na tele que mesmo me parecerían esaxeradas no cine. Por exemplo, o paseo do protagonista do terceiro episodio: quería retratar o contorno surrealista que o rodea.

Cal é o significado da ópera popular da última escena? A ópera chinesa foi unha parte fundamental da nosa tradición durante séculos. Escollín tres pezas que son moi populares. Sono porque o sentimento permanece intacto. O que mostran son uns feitos, un destino que se repite constantemente. Unha delas mostra unha muller tratada inxustamente por un xuíz que impón o seu poder sobre ela. A primeira vez que vin esta ópera era aínda un neno, impactoume, marcoume para sempre. Coido que a violencia pode manifestarse de xeitos diferentes, non só fisicamente, e que debemos reflexionar sobre todas elas. A idea clave sería que, mesmo sendo vítimas, podemos imporlles dor a outras persoas.